7. Principios sociosanitarios da bioética: dilemas éticos. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Os dereitos de información sociosanitaria, intimidade e respecto da autonomía persoal das persoas maiores e persoas con discapacidade.

8. Principios da intervención social e comunitaria. O benestar como obxectivo: benestar subxectivo, psicolóxico e social. Conceptos de prevención e intervención proactiva. Recursos e relacións sociais. Fundamentos e fases da intervención social e comunitaria. Avaliación inicial, deseño, implantación, xestión e avaliación de programas de intervención. Ámbitos e tarefas do psicólogo da intervención psicosocial comunitaria.

9. Participación cidadá, apoio social e voluntariado. Participación cidadá. Normas reguladoras. O proceso de participación en organizacións comunitarias. Apoio social, redes sociais e grupos de apoio. Aplicacións e programas de intervención psicosocial. Voluntariado en intervencións psicosociais: perfil do voluntariado e normas reguladoras. Variables no inicio e a permanencia do voluntariado. Xestión do voluntariado: captación, selección, formación e supervisión.

10. Intervención psicosocial en situacións de pobreza, desarraigamento e exclusión social. Recursos e normativa estatal e autonómica. Enfoque da saúde positiva e o benestar. Programas e estratexias de intervención. Integración intergrupala e tolerancia. Mediación intercultural.
11. Espectro da esquizofrenia e outros trastornos psicóticos.
12. Trastorno bipolar e trastornos relacionados.
13. Trastornos depresivos.
14. Trastornos de ansiedade. Trastorno obsesivo-compulsivo e trastornos relacionados.
15. Trastornos relacionados con traumas e factores de estrés. Trastornos dissociativos.
16. Trastornos alimentarios e da inxesta de alimentos. Trastornos da excreción.
17. Trastornos disruptivos, do control dos impulsos e da conduta.
18. Trastornos relacionados con substancias e outros trastornos aditivos.
19. Trastornos neurocognitivos. Neuropsicología do dano cerebral adquirido.
20. Trastornos da personalidade.
21. Saúde mental comunitaria. Protocolos de actuación. Programas preventivos. Atención a cuidadores. Lexislación de aplicación. Coordinación con outros servizos.
22. Procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade en Galicia. Normas xerais da valoración da discapacidade (Real decreto 1971/1999). A CIF: obxectivos, aplicacións, propiedades, compoñentes. Modelo do funcionamento e da discapacidade. Técnicos de valoración e órgano de valoración e asesoramento: composición e funcións (Orde do 25 de novembro de 2015). Programas e recursos. Situación actual na Comunidade Autónoma de Galicia.
23. Promoción da autonomía persoal e atención á dependencia: principios da lei, dereitos e obrigas dos usuarios, configuración do sistema, prestacións e catálogo de servizos, valoración (Lei 39/2006).
24. Baremo de valoración da situación de dependencia (BVD): criterios de aplicación, relación e descrición de actividades e tarefas (Real decreto 174/2011). Escala de valoración específica

(EVE): criterios de aplicación, relación de variables, determinación da severidade (Real decreto 174/2011).

25. Procedemento da valoración da dependencia en Galicia: disposicións xerais, órganos do sistema, procedemento. Iniciación, tramitación, resolución e revisión do recoñecemento do grao de dependencia e do Programa individual de atención (PIA) (Decreto 15/2010).

26. O sistema familiar. Estrutura e función. O ciclo vital familiar e crises evolutivas asociadas. Abordaxes de intervención ante conflitos familiares e maritais: mediación familiar, orientación e consello psicolóxico. Actuacións preventivas, programas para o apoio á función parental.

27. Desenvolvemento evolutivo do/da menor: O primeiro ano e na primeira infancia. Desenvolvemento físico e psicomotor, afectivo, cognitivo, social, comunicación e linguaxe. O desenvolvemento evolutivo na segunda infancia e adolescencia: desenvolvemento cognitivo e socioemocional (autoestima, imaxe, condutas saudables, prevención e intervención en delincuencia e adiccións).

28. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

29. A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, sobre a protección xurídica do menor e as principais modificacións do sistema de protección á infancia: a Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

30. Delincuencia e a violencia xuvenil: modelos integradores. Marco lexislativo. Bandas e grupos violentos. Conflito intergrupalo. Modelos e estratexias para a prevención e a intervención na violencia xuvenil.

31. Prevención e intervención en drogodependencias: principais características da conduta aditiva. Prevalencias do consumo de tabaco, alcol, cánnabis, cocaína, heroína e estimulantes. Programas de prevención e intervención en drogodependencias: principios e características.

32. Prevención e intervención en adiccións condutuais: adicción ao móbil, internet e redes sociais. Adicción ao xogo. Factores de risco e sinais de alarma. Detección precoz. Intervención na adicción ás novas tecnoloxías. Intervención preventiva e tratamento.

33. A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

34. Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, que desenvolve a Lei orgánica 5/2000. Principios xerais. As medidas e a súa execución. Modificación e suspensión da execución de medidas.

35. Avaliación psicolóxico-forense e a práctica pericial na Administración de xustiza: rol do psicólogo forense. Competencias específicas do psicólogo no ámbito forense. Aspectos deontolóxicos do psicólogo forense. Ámbitos de intervención do psicólogo forense: civil, penal e social.

36. O proceso de avaliación pericial psicolóxica. A avaliación no ámbito civil: actuación do psicólogo forense no ámbito de familia. Actuación do psicólogo forense no ámbito de incapacidades.

37. A adopción: normativa que a regula, situación actual da adopción. Diferencias entre adopción nacional e internacional. Criterios de idoneidade e non idoneidade e a súa valoración. O informe da idoneidade/non idoneidade. Actitudes do entrevistador. Intervención psicolóxica no seguimento.

38. O proceso de avaliación psicolóxica. A avaliación no ámbito penal: actuación do psicólogo forense en violencia de xénero, parella e maltrato familiar. Avaliación da credibilidade do testemuño en casos de abuso sexual infantil. Outras actuacións do psicólogo: intervención psicolóxica na proba preconstituída.

39. O informe psicolóxico e a peritaxe psicolóxica: tipos, características e diferenzas. Principais áreas de intervención: xulgados de familia/primeira instancia, xulgados de menores, institutos de medicina legal, xulgados de violencia contra a muller. Metodoloxía e procedemento da avaliación. Valoración. Conclusións. Contraperitaxe.

40. Avaliación xerontolóxica integral: avaliación física e funcional, avaliación mental. Identificación de escalas de valoración estandarizadas e validadas de uso sociosanitario. Profesionais implicados na realización. Dependencia e envellecemento. O maltrato ás persoas maiores.

41. As oficinas de asistencia á vítima do delito. Marco regulador: Estatuto da vítima do delito e Real decreto 1109/2015. Funcións das oficinas. A asistencia psicolóxica. Fases da asistencia.

42. Lei galega de medidas básicas para a inserción social.

43. A promoción da igualdade: xénero e identidade social. Discriminación e sexismo. Marco lexislativo estatal e autonómico e políticas de igualdade. Programas e accións positivas encamiñadas á consecución da igualdade entre homes mulleres: estratexias para o cambio de estereotipos de xénero.

44. Violencia de xénero: o marco social da violencia contra a muller. Marco lexislativo estatal e autonómico. Acoso en contextos laborais e noutros ámbitos de interacción. Violencia nas relacións

de parella. Abusos e violencia sexual. Identificación de factores de risco. Protocolos e programas de intervención. Prostitución e trata de mulleres e nenas. Marco legal. Trauma asociado á prostitución e á trata.

CORPO FACULTATIVO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A1, ESCALA DE ENXEÑARÍA, ESPECIALIDADES DE ENXEÑARÍA DE MONTES. DOG núm. 241, do 17 de decembro de 2021

A) Parte xeral

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I, artigos 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia: título I, título II e título III.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV, capítulo I e capítulo IV e título V.
4. Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia: título preliminar, título I, capítulo I.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar, capítulos III e IV.
6. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico: título preliminar, título I.
7. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV e título VIII.
8. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
9. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I. E o título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

10. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I.
11. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar e título I.
12. Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia.
13. Lei 9/2017, de contratos do sector público, libros I e II.

B) Parte específica da escala de enxeñaría, especialidade de enxeñaría de montes:

1. O desenvolvemento sustentable. As conferencias ministeriais para a protección dos bosques en Europa: Forest Europe. Resolucións sobre xestión forestal sustentable en Europa. A estratexia forestal da UE.
2. A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
3. Ocupación das principais formacións específicas en Galicia. Existencias. Volumes e taxas de aproveitamento anual para as principais especies forestais en Galicia. Tendencias de ocupación e existencias entre inventarios. Desagregación de datos por provincias.
4. Principais datos de estatística forestal en Galicia: superficie ocupada polos montes públicos, montes veciñais en man común, montes de varas e montes de particulares. Superficies medias. Número de comunidades de montes veciñais en man común e persoas comuneiras. Situación estatutaria e mancomunidades. Desagregación de datos por provincias.
5. Lei 7/2012, de montes de Galicia: Concepto de monte. Definicións. Competencias da Administración local, autonómica e estatal. O Consello Forestal de Galicia. Decreto polo que se desenvolve o Consello Forestal de Galicia. Outras mesas sectoriais.
6. Clasificación dos montes pola súa titularidade. Montes públicos e privados. Montes protectores. O catálogo de montes de utilidade pública. Xestión dos montes públicos e réxime de autorizacións, concesións e servidumes. Deslindamento dos montes públicos.
7. Montes privados e a súa xestión. Montes veciñais en man común (MVMC). Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e a súa regulación.
8. Lei de montes veciñais en man común en Galicia e o seu regulamento. Deslindamento dos montes veciñais en man común. Adquisición de terreos. Reinvestimentos dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.

9. Cambio de uso. Cambios de actividade e supostos especiais. Restauración hidrolóxica-forestal. Principais fenómenos erosivos. Inventario nacional de erosión de solos: obxectivos e principais características do inventario.
10. O Plan forestal de Galicia. Obxectivos estratéxicos e programáticos. Principais medidas e programas. Horizonte temporal e orzamento asignado. Procedementos de revisión. Os plans de ordenación dos recursos forestais.
11. Instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia. Os instrumentos de ordenación e xestión forestal en Galicia. Aprobación e rexistro.
12. Certificación forestal: orixe e consecuencias. Principais sistemas de certificación forestal: PEFC e FSC. Certificación da xestión forestal. Certificación da cadea de custodia. Superficie certificada en España e Galicia.
13. Regulación dos aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada en Galicia.
14. Regulación dos aproveitamentos madeireiros en montes en xestión pola CA en Galicia. Decretos e ordes de desenvolvemento. Principais especies e volume anual aproveitado en montes de xestión pública en Galicia. A regulación dos servizos do monte en Galicia.
15. Modelos silvícolas de aplicación para as principais especies de coníferas e frondosas perennifolias en Galicia.
16. Modelos silvícolas de aplicación para as principais especies de frondosas caducifolias en Galicia. Outros modelos de xestión forestal.
17. Regulación das masas consolidadas de frondosas autóctonas en Galicia. Creación e regulación do Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas. Superficie rexistrada en Galicia.
18. FLEGT e Regulamento EUTR nº 995/2010. Real decreto 1088/2015. O Rexistro de Empresas Forestais de Galicia (Resfor). Divisións e comunicacións anuais.
19. Análise da cadea forestal da madeira en Galicia. Contextualización: o sector na economía galega. A dimensión territorial do sector.
20. Reais decretos de regulación sobre a comercialización dos materiais forestais de reprodución en España. Pasaporte fitosanitario.
21. Regulación autonómica da conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais, do material forestal de reprodución e entes provedores. Sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución en Galicia.

22. Marco xurídico da sanidade forestal no contexto autonómico, español e da Unión Europea. Marco competencial en materia fitosanitaria na Xunta de Galicia. Declaración de pragas e enfermidades forestais. A rede de seguimento de danos nos bosques.
23. Sanidade forestal: principais enfermidades, pragas forestais e danos en Galicia.
24. O orzamento comunitario. Os fondos estruturais e de investimento comunitarios. A política agraria comunitaria (PAC): o Feaga e o Feader. Consideracións xerais e aplicación ao sector forestal. O FEGA e o Fogga. Os controis Feader: principios básicos de control e o Plan galego de controis Feader non SIXC.
25. Principais liñas de axudas públicas en materia de montes. Tramitación: presentación, inspeccións previas, concesión, execución, solicitudes de pagamento, comprobacións administrativas e pagamento. Renuncias e causas de resolución da perda de dereito ao cobramento.
26. Convenios, consorcios e novos contratos temporais de xestión pública. O fondo de melloras forestal. Superficie de montes baixo este tipo de figuras en Galicia. Desagregación de datos por provincias.
27. Agrupacións forestais de xestión conxunta. Tipoloxía e principais características. Rexistro administrativo. Regulación e rexistro da figura do silvicultor activo. Superficie inscrita en Galicia de agrupacións e silvicultores activos.
28. O réxime fiscal da propiedade forestal. Principais impostos: IRPF, IVE, IS, IBI e ITPAXD.
29. Condicións legais que deben cumprir as repoboacións forestais. Distancias de repoboación. O réxime sancionador en materia de montes de Galicia.
30. Lexislación en materia de recuperación da terra agraria en Galicia.
31. A Axencia Galega da Industria Forestal. As axudas para a industria de primeira transformación.
32. Os incendios forestais. Incidencia en Galicia. Clases, causas, motivacións, factores que interveñen na súa propagación e distribución xeográfica. A Estatística xeral de incendios forestais.
33. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Os servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia.
34. O lume. O lume como factor ecolóxico. O incendio forestal. Variables que o caracterizan. Factores que interveñen no seu comportamento. Consecuencias económicas, sociais e ambientais. Valoración de danos e perdas.

35. Sistemas de detección. Modelos de combustible. Índices de risco.
36. Extinción de incendios forestais. Sistema de predición de Campbell. Técnicas de extinción, primeiro ataque e ataque ampliado, o contralume. Retardantes.
37. Os grandes incendios forestais (GIF). Definición e estatísticas. O sistema de manexo de emerxencias (ICS). O método de xestión operativa e mando (XOM). A meteoroloxía nos incendios forestais. Comportamento do lume nos GIF. As comunicacións nos GIF.
38. O Pladiga. Os centros de coordinación.
39. Os incendios en interface urbanaforestal. Situacións operativas. A integración nos plans de protección civil para emerxencias por incendios forestais. A Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencias por incendios forestais. O Peifoga.
40. As queimas prescritas. Protocolo. A ventá de actuación. O plan de queima.
41. Prevención de incendios: accións sobre o territorio e sobre a poboación. As redes de faixas de xestión da biomasa. Os perímetros de alto risco de incendios forestais.
42. Medios aéreos de extinción de incendios forestais. Tipos de aeronaves. A coordinación de medios aéreos. As comunicacións cos medios aéreos.
43. A maquinaria pesada na extinción de incendios forestais. Tipos de máquinas empregadas en Galicia. Tipos de traballos. Rendementos. Manobras de autoprotección.
44. Restauración en zonas afectadas por grandes incendios. Técnicas e custos. Índices de severidade.
45. A investigación de causas de incendios forestais. O comportamento do lume. O método das evidencias físicas. Determinación de situacións de risco.
46. A seguridade na extinción de incendios forestais. Factores de risco na extinción. Protocolo OCELA. Situacións en atrapamento. Manobras de autoprotección.
47. As comunicacións na extinción de incendios forestais de Galicia. A rede TETRA. A función repeater e o modo Gateway.
48. O traballo coas motobombas. Características principais. Clasificacións. Partes principais do vehículo de extinción. Cisterna, bomba, mangueras e accesorios. Seguridade nas operacións coas motobombas
49. A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Principios. Instrumentos. Catalogación, conservación e restauración de hábitats e espazos. Uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade. Axudas e incentivos. Principais convenios internacionais en materia de biodiversidade. Estratexia de biodiversidade da Unión

Europea para 2020. Bancos de datos da biodiversidade: funcións e información que subministran.

50. Acceso á información en materia de ambiente: Convenio de Aarhus. A participación na xestión ambiental. Normativa da Unión Europea. A información ambiental en España. A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

51. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza. A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: a súa estrutura orgánica e funcional.

52. Concepto de ecosistema. Biótopos, biocenose. Producción primaria e secundaria. Cadea trófica, fluxo enerxético, balance enerxético. Factores abióticos e bióticos. Sinerxías. Conceptos de poboación e comunidade biótica. Dinámica poboacional. Competencia e simbiose.

53. Ecoloxía aplicada. O equilibrio natural. Acción do home sobre os ecosistemas: a agricultura, a gandería, a silvicultura, a minaría, a urbanización e os grandes sistemas artificiais. Os impactos das accións do home sobre o ecosistema e sobre os seus compoñentes. Gradación dos impactos. Valores naturais dos ecosistemas humanizados.

54. Bioxeografía de Galicia. Principais tipos de bosques naturais galegos. Hábitats protexidos. Hábitats de interese comunitario presentes en Galicia.

55. Os ecosistemas fluviais. Características xerais. Principais problemas de conservación. Ecoloxía. A vexetación de ribeira. Fauna fluvial. Medidas para a conservación e mellora. Índice de calidade do bosque de ribeira (QBR).

56. Normativa en materia de protección de espazos naturais. A Rede galega de espazos protexidos. A Rede Natura 2000 en Galicia, principais taxons e hábitats representados. Plan director da Rede Natura 2000.

57. A protección da fauna e da flora. Normativa específica. Os catálogos e rexistros de fauna e flora. Os endemismos galegos. Catálogo galego de especies ameazadas. Catálogo galego de árbores senlleiras. Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. A Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

58. A pesca fluvial en Galicia. Normativa vixente. Importancia económica. Modalidades. Principais especies susceptibles de pesca continental en Galicia. Ordenación piscícola de augas continentais.

59. A actividade cinexética en Galicia. Lexislación. Contribución á diversificación económica do medio rural. Características das principais especies cinexéticas. Ordenación e plans cinexéticos. Caza selectiva. Cría en cativeiro. Repoboacións e introdución de especies. Cotos e reservas. Incidencia da Directiva 2009/147/CEE, de aves silvestres sobre a caza.

60. A avaliación ambiental: Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

61. Normativa autonómica en materia de protección ambiental. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Normativa aplicable en materia de prevención e control integrado da contaminación. Avaliación de incidencia ambiental de actividades en Galicia.

62. Normativa en materia de ordenación do territorio, urbanismo e réxime do solo. Instrumentos de ordenación do territorio en Galicia. Concepto e categorías de solo rústico. Usos e actividades en solo rústico. Autorizacións autonómicas e condicións de edificación en solo rústico.

63. A metodoloxía técnica de avaliación ambiental. Deseño de medidas protectoras e correctoras. Avaliación ambiental de plans, programas e proxectos con potencial afección sobre os espazos da Rede Natura 2000. Medidas compensatorias.

64. O cambio climático. Evidencia científica do fenómeno: impactos, adaptación e mitigación. Resposta internacional ante o cambio climático: a Convención marco de Nacións Unidas sobre cambio climático, o Protocolo de Quioto e os acordos postQuioto. Os mecanismos de flexibilidade. O réxime xurídico do comercio de dereitos de emisión. Estratexia comunitaria ante o cambio climático. Estratexia española ante o cambio climático.

65. A educación ambiental. Concepto, principios básicos e instrumentos para a educación ambiental. Interpretación do patrimonio ambiental. O CENEAM e o CEIDA: obxectivos e programas de traballo. O Observatorio Galego de Educación Ambiental.

66. As poboacións piscícolas. Principais especies das augas continentais galegas. Dinámica das poboacións. Ciclos vitais e principais requirimentos de cada fase. Técnicas de inventariación piscícola: cálculo de densidades, biomasas, producións, recrutamentos e crecementos.

67. Técnicas de protección e fomento das poboacións piscícolas. Conservación e mellora do hábitat fluvial. Bases técnicas das principais infraestruturas: capturadoiros, centros ictioxénicos, canles de desova e cría. As repoboacións piscícolas: xustificación e técnicas.

68. O caudal ecolóxico: concepto normativo e metodoloxías. Minimización de impactos. Impactos singulares: dispositivos de franqueo. Normativa aplicable.

69. Instalacións de acuicultura comercial. Normativa e supervisión administrativa. Afeccións ao medio e prevención de impactos. Epizootias e afeccións ás poboacións salvaxes. Situación do sector na Comunidade Autónoma galega.

70. Especies cinxéticas da Comunidade Autónoma galega. Ciclos biolóxicos. O inventario cinxético: métodos e parámetros que se obterán. Dinámica poboacional. Estrutura poboacional. Densidade. Crecemento, mortalidade, produción. Principais epizootias, medidas preventivas e métodos de control.

71. A ordenación cinxética: bases lexislativas e técnicas. Os TECOR. Plans cinxéticos. Efectos da caza e valoración socio-económica. Protección e mellora das poboacións. Melloras do hábitat. Repoboacións e reintroducións: xustificación, análise da súa problemática e técnicas de actuación. Control de poboacións. Granxas cinxéticas: peculiaridades construtivas, normativa de aplicación, situación en Galicia.

72. Os espazos naturais protexidos. Clasificación segundo o réxime de protección internacional, comunitario, nacional e autonómico. Instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos en Galicia. Procedemento de declaración e a xestión dos espazos naturais protexidos en Galicia.

CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE CIENCIAS NA ESPECIALIDADE DE BIOLOXÍA, DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A1. DOG núm. 227, do 28 de novembro de 2019

A) Parte xeral

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I, artigos 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.

2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia: título I, título II e título III.

3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV, capítulo I e capítulo IV e título V.

4. Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia: título preliminar, título I, capítulo I.

5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar, capítulos III e IV.
6. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico: título preliminar, título I.
7. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV e título VIII.
8. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
9. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I. E o título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
10. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I.
11. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar e título I.
12. Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia.
13. Lei 9/2017, de contratos do sector público, libros I e II.

B) Parte específica

Tema 1. Medio físico e bioxeográfico de Galicia.

Tema 2. Métodos de seguimento das poboacións de fauna e flora. Mostraxes de especies marisqueiras e de recursos ícticos. Dinámica de poboacións: definición de poboación, parámetros poboacionais. Aplicación dos sistemas de información xeográfica (SIX) no seguimento de flora e fauna: descrición e modelos de datos espaciais. Métodos e procedemento de captura de información, análise e consultas. A súa utilidade na xestión do medio natural.

Tema 3. A normativa aplicable en Galicia sobre espazos e especies protexidos. Directiva hábitat e aves. Lei 42/2013, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade, Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Tema 4. Rede galega de espazos protexidos. Procedemento de declaración e xestión dos espazos naturais protexidos. Instrumentos de planificación. Áreas protexidas por instrumentos internacionais.

Tema 5. Rede Natura 2000. Avaliación de plans, programas e proxectos con potencial afección na Rede Natura 2000. Regulación de usos e actividades no Plan director da Rede Natura 2000. Infraestruturas verdes, conectividade e restauración ecolóxica.

Tema 6. Conservación das especies ameazadas. Factores de ameaza e instrumentos de conservación. Lista de especies en réxime de protección especial. Catálogo estatal e galego de especies ameazadas. Plans de conservación e recuperación. Especies exóticas invasoras. Regulamento UE nº 1143/2014 sobre prevención e xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión Europea. Catálogo español de especies exóticas invasoras. Vías de introdución. Xestión das especies presentes en Galicia.

Tema 7. A caza en Galicia. Principais especies. Normativa de xestión das especies cinexéticas.

Tema 8. A pesca fluvial en Galicia. Principais especies. Normativa de xestión das especies piscícolas. Lei de pesca fluvial en Galicia e títulos I a III do Regulamento de pesca fluvial de Galicia.

Tema 9. A paisaxe galega. Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Tema 10. A Directiva marco da auga. Directiva 2000/60/CE e Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas. Obxectivos xerais da directiva marco. Introducción á avaliación e seguimento do estado das masas de auga, integración dos obxectivos ambientais e zonas protexidas. Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental.

Tema 11. O dominio público hidráulico. Utilización do dominio público. Administración pública da auga.

Tema 12. A planificación hidrolóxica. Elaboración, contido e tramitación dos plans hidrolóxicos de bacía. Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica, e Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da

Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. A planificación na demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das bacías mediterráneas andaluzas, do Guadalete e Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras

Tema 13. Calidade das augas superficiais e subterráneas. Medidas de protección, control e seguimento.

Tema 14. Tratamento de augas: augas residuais urbanas e declaración de zonas sensibles. Protección das augas contra a contaminación producida por nitratos e zonas vulnerables.

Tema 15. Depuración de augas residuais. Pretratamento e tratamento primarios, tratamentos secundarios e tratamentos terciarios. Xestión de lodos de depuración. Reutilización das augas residuais.

Tema 16. Residuos. Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados: clasificación dos residuos e Lista europea de residuos. Xerarquía de residuos. Planificación. Producción, posesión e xestión. Xestión e tratamento de residuos domésticos. Modelos de xestión en Galicia. Residuos específicos e sistemas de responsabilidade ampliada.

Tema 17. Toma de mostras de augas, solos e aire ambiente para análises químicas e biolóxicas. Estratexias de mostraxe. Representatividade. Transporte e conservación de mostras.

Tema 18. Calidade dos solos. Título V da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, e Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.

Tema 19. Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera. Calidade do aire. Xestión e planificación. Redes de calidade do aire. Real decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación.

Tema 20. Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrado da contaminación. Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais. Mellores técnicas dispoñibles. O rexistro europeo PRTR.

Tema 21. Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático e o Protocolo de Quioto e o Acordo de París. Cambio climático en Galicia: causas, impacto e mitigación

Tema 22. Lei 21/2013, do 21 de decembro, de avaliación ambiental: avaliación ambiental estratéxica e avaliación de impacto ambiental. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia: avaliación ambiental de actividades.

Tema 23. O dereito de acceso á información, á participación pública e ao acceso á xustiza en materia de ambiente.

Tema 24. A responsabilidade ambiental. Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental e regulamento.

Tema 25. Lei de costas. Competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. Plan de ordenación do litoral de Galicia: título preliminar, títulos I, II e III do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba o POL.

Tema 26. Os incendios forestais. Causas e efectos sobre os ecosistemas. Medidas de xestión en Galicia.

Tema 27. A política pesqueira comunitaria. O Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

Tema 28. A frota pesqueira galega. Modalidades de pesca. Artes e aparellos de pesca, a súa regulación xurídica.

Tema 29. O marisqueo en Galicia. Principais especies explotadas. Métodos de captura. Plans de explotación marisqueira. Técnicas de cultivo aplicables a bancos marisqueiros.

Tema 30. Entidades asociativas profesionais do sector. Confrarías de pescadores, federacións de confrarías e demais asociacións sectoriais.

Tema 31. Acuicultura mariña e continental en Galicia. Principais especies explotadas. Principais instalacións e establecementos de acuicultura. Características. Títulos habilitantes. Estratexia galega de acuicultura: definicións e obxectivos.

Tema 32. Cultivo de peixes mariños: principais especies cultivadas en Galicia. Métodos e instalacións.

Tema 33. Cultivo de moluscos: principais especies cultivadas en Galicia. Métodos e instalacións

Tema 34. As algas macrófitas de interese comercial en Galicia. Principais especies e aplicacións. Explotación e cultivo.

Tema 35. Comercialización dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura. Control da comercialización. Rastrexabilidade. Transmisión de datos.

Tema 36. A promoción dos produtos pesqueiros e agrarios. Calidade diferenciada. Marcas de calidade en Galicia.

Tema 37. Condicións sanitarias de invertebrados mariños. Depuración e reinstalación.

Tema 38. Mareas vermellas: descrición do fenómeno. Principais especies produtoras de toxinas en Galicia. Control das biotoxinas mariñas e programa de actuacións.

Tema 39. Reservas mariñas de interese pesqueiro en Galicia. Normativa de creación, uso e xestión. Plans de xestión das RMIP dos Miñarzos e ría de Cedeira.

Tema 40. Contaminación mariña. Principais fontes de contaminación mariña. Decreto 155/2012, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 41. Directiva marco sobre a estratexia mariña. Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. Estratexias mariñas. Rede de áreas mariñas protexidas.

Tema 42. A investigación mariña en Galicia. Centros de investigación e centros tecnolóxicos en Galicia.

Tema 43. Real decreto 664/1997, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo: obxecto e ámbito de aplicación, definicións, clasificación dos axentes biolóxicos, identificación e avaliación dos riscos (manipulación deliberada e non deliberada), redución dos riscos e medidas hixiénicas. Risco biolóxico en traballos en que existe contacto con animais ou con produtos de orixe animal, en unidades de eliminación de residuos, en estacións depuradoras de augas residuais e na pesca marítima.

Tema 44. Regulamentos REACH e CLP: características de perigo dos produtos químicos, criterios de clasificación de substancias e mesturas químicas, mecanismos de información: etiquetas, fichas de datos de seguridade, restricións de fabricación, comercialización e uso de substancias perigosas. Conceptos xerais de toxicoloxía e seguridade química. Control das exposicións a riscos químicos (hixiénicos e de seguridade). Técnicas xerais: accións de control técnicas, accións de control organizativas. Prioridades no control de riscos: accións sobre o axente, accións sobre o proceso, accións no local de traballo, accións nos métodos de traballo.

Tema 45. A prevención do risco no laboratorio: consideracións relativas á estrutura, ao deseño e á distribución dos laboratorios. Consideracións sobre seguridade relativas a instalacións e aparellos. Consideracións sobre operacións comúns. Equipamentos de seguridade: elementos de protección e de actuación. Xestión dos residuos no laboratorio: normas xerais de manipulación de residuos, programa de xestión de residuos no laboratorio: sistema de recollida; clasificación e eliminación de

resíduos; envasado e etiquetaxe; almacenamento temporal. Manipulación de microorganismos no laboratorio: requirimentos dos diferentes niveis de bioseguridade.